
 **PAZO DE MATRÍCULA PROBA PEB:** 4 a 10 de xuño de 2025  **DATA DA PROBA PEB:** 18 de xuño de 2025

PAZO DE SOLICITUDES DA SUBVENCIÓN DO PREMIO: un mes desde a publicación das cualificacións definitivas da proba PEB



DESTINATARIOS

Alumnado que finalice os estudos de bacharelato no curso 2024/25 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia cunha **nota media** no bacharelato igual ou superior a **8,75**.



DOTACIÓN

Concederanse un máximo de **20 premios** dunha contía de **1.000 €** por premio.



CARACTERÍSTICAS

O procedemento de solicitude para optar aos premios extraordinarios de bacharelato ten dúas fases diferenciadas:

FASE 1:

O alumnado formalizará a **matrícula na proba PEB no centro educativo** onde superou o segundo curso de bacharelato. O centro educativo cargará os datos da súa solicitude en **Avalia**.

FASE 2:

Despois da publicación das cualificacións definitivas da proba PEB, o alumnado que cumpra os requisitos establecidos na orde de convocatoria poderá **formalizar no prazo dun mes unha solicitude para optar á subvención** do premio extraordinario de bacharelato.

As solicitudes ao premio presentaranse preferiblemente por medios electrónicos a través da aplicación informática PremiosEdu

<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>

ou no código QR.

Ou a través do formulario normalizado dispoñible na Sede Electrónica Procedemento

ED311A

<https://sede.xunta.gal>



A PROBA PEB

A proba PEB é presencial e única en toda Galicia. Realízase de xeito simultáneo nas distintas sedes.

Os **tres exercicios** versarán sobre:

Análise e comentario crítico nos dous idiomas cooficiais (20 puntos), primeira lingua estranxeira (10 puntos), unha materia de modalidade (elixida na solicitude) (10 puntos).

É obrigatorio levar DNI ou pasaporte para realizar a proba.



QUEN PRESENTA A SOLICITUDE?

Unha persoa menor de idade NON pode presentar directamente a solicitude (agás que estea emancipada).

» ALUMNADO MENOR DE 18 ANOS OU MAIOR DE 18 TITORIZADO

Actúa a través dun representante legal (pai, nai ou titor/a legal). Só o alumnado de centros privados que non están en XADE debe presentar certificación de representación (p.ex. libro de familia).

» ALUMNADO MAIOR DE 18 ANOS OU MENOR EMANCIPADO

Pode presentar a solicitude directamente, ou ben actuar por medio de representante formalizado co modelo xenérico que se atopa en:

Sede electrónica > Trámites >
Modelos xenéricos > Representación



MÁIS INFORMACIÓN

Toda a información pódese atopar en:

<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>

ou no **código QR**.

